

DESENVOLVIMENTO DO WEB DUN PROXECTO EUROPEO:

AVALIACIÓN DE CONTIDOS DE INTERESE PARA A CIDADANÍA

Introdución

Os proxectos europeos que, como Compás, pertencen á Iniciativa Equal do Fondo Social Europeo, teñen que incorporar as novas tecnoloxías á totalidade das súas accións, como eixo transversal da actividade.

Desde o Proxecto Compás tentamos achegar accións innovadoras nas novas tecnoloxías e un dos campos que parecía menos explorado é o da realización de contidos en sitios *web*.

Por iso procuramos, alén de realizar unha reflexión profesional sobre os contidos dos *webs* do proxecto e da intranet, a elaboración dunha ferramenta de avaliación de contidos *web* para sitios da Administración pública e especificamente para proxectos europeos.

Na publicación que presentamos expomos moi resumidamente algúns dos puntos de partida para a elaboración dos sitios web e intranet do Proxecto Compás e presentamos unha ferramenta de avaliación de contidos de sitios web. A ferramenta foi redactada inicialmente nos EEUU por Janet E. Alexander e Marsha Ann Tate e adaptada polo profesor José Luis Orihuela. Nós tentamos engadir algunhas cuestións relativas aos sitios web públicos e eliminar algúns puntos que soamente teñen sentido en webs comerciais.

O fin da publicación é divulgar as experiencias que, acerca dos contidos do hipertexto aplicados a inserción laboral, se teñen levado a cabo no Proxecto Compás e contribuír á utilidade da difusión da comunicación a través de Internet que se realiza desde a Administración.

(Fin introducción)

A sociedade española vive unha mudanza substancial no xeito en que se informa. Estamos nunha transición imparábel cara a unha cidadanía que se comunicará maioritariamente a través de Internet.¹

Esta transición xa ten acontecido noutros países, fundamentalmente nos países europeos nórdicos, nos EEUU e nalgúns países asiáticos como Corea do Sur.

Os proxectos europeos foron un dos impulsos máis importantes do sector público na difusión da rede en Europa, ao incluíren nos seus eixos de actuación a promoción das novas tecnoloxías entre a poboación.

En todos os países nos que se operou a transición dunha sociedade analóxica á dixital poden recoñecerse os mesmos rasgos na percepción dos cambios por parte da cidadanía.

Nun primeiro momento, as tecnoloxías que serven de base para a comunicación dixital adquiriron un protagonismo desenfocado. É dicir, infórmase, valórase e fálase máis da tecnoloxía empregada que dos contidos fornecidos por esa tecnoloxía. Os expertos en comunicación dixital, nese estadio de evolución, son as persoas expertas en tecnoloxía: dáselle máis importancia ao *como* que ao *que*. Isto é habitual tamén por unha pura causa sociolóxica: as primeiras persoas en se incorporaren ás novas tecnoloxías teñen perfís evidentemente técnicos.

A medida que a rede se foi estendendo entre a sociedade, as diferentes profesións foron entrando en Internet, enriquecéndose o modo e o contido da comunicación dixital. Agora mesmo non só as profesións técnicas utilizan Internet, senón que esta se ten que empregar transversalmente en todas as profesións. A orientación laboral, a avogacía, o xornalismo ou a literatura fanse a través da rede e Internet tornouse unha *commodity*, un produto indiferenciado no traballo cotián que adquire valor na medida en que é dotado de contido.

Tamén o papel das novas tecnoloxías mudou no enfoque que debe ter na súa difusión. Actualmente non proporciona

¹ España, cada vez máis cerca del umbral <http://navegante2.elmundo.es/navegante/2004/07/08/weblog/1089246568.html>

ningún valor engadido facer unha acción por medio da rede se, alén diso, non é novidosa no seu contido, porque a rede xa non é innovadora por si mesma.

A Administración tamén ten que se adaptar á nova situación e pode utilizar Internet para unha multitude de tarefas que antes debían ser feitas de maneira presencial.

Os contidos na rede

Desde que a rede se desenvolveu coma medio de información e se popularizou a mediados dos 90 nos EEUU e a comezos desta década en España, vense estudando de maneira sistemática como presentar contidos en Internet.

Os estudos que se teñen realizado puxeron en relevo diversas características que, sen tentarmos ser exhaustivos, expomos a seguir²:

Linguaxe do corpo de texto: a persoa usuaria de Internet é unha buscadora. Procura información. A súa actitude non é a do pracenteiro lector dunha novela, a da atenta lectora dun xornal, a do interesado por un folleto ou revista profesional.

A lectura en Internet realízase **no medio doutras actividades e preocupacións**:

- mesturada con estímulos sonoros coma a televisión ou a radio, a música;
- coa impaciencia de saber que máis tempo supón máis custo económico na factura telefónica,
- con unha interface non adecuada para a lectura, a pantalla é unha agresión visual para aquela, que ralentiza nun 20 por cento a súa velocidade.

Por este motivo, a lectura en Internet realízase de maneira

² <http://www.poenterextra.org/et/i.htm>

<http://www.research.att.com/conf/hfweb/proceedings/eu/fig2.html>

<http://www.research.att.com/conf/hfweb/proceedings/eu/fig3.html>

PROXECTO COMPÁS
A.D. Igual Area Metropolitana de Vigo

INICIO | QUE É | ORIENTACIÓN | FORMACIÓN | EMPREGO | BANCOS DE OPORTUNIDADES | EVALUACIÓN | RECORRER | OPORTUNIDADES | BÚSCA

Orientación

O Proxecto está dirixido ó traballo con persoas que se atopan en situación de **desvantaxe** en relación ó mercado de traballo.

Características das persoas susceptibles a formar parte do proxecto e os requisitos para acceder ó mesmo:

- 1. Persoas con especiais dificultades de inserción no mercado laboral:**
Por causa do xénero: **Compás** comprométese a incorporar mulleres nunha porcentaxe de 65%.
Por causa da situación laboral: persoas desempregadas de longa duración (máis dun ano no desemprego).
Por causa da idade: menores de 25 anos ou maiores de 45.
Por causa da discapacidade: persoas discapacitadas con autonomía suficiente para acceder ó mercado de traballo.
Por causa da migración: emigrantes retornados ou ben minorías étnicas.
- 2. Persoas en situación ou risco de exclusión social,** onde predomine sobre outros factores o desemprego e ausencias de formación e preparación profesional como orixe da súa situación.
- 3. Residentes nos concellos da MANIV.** Os concellos da Mancomunidade de Vigo son: Vigo, Nigrán, Sainza, Gondomar, O Porriño, Saldaña de Castela, Salvaterra de Miño, Mos, Redondela, Pazos de Borbén, Soutomaior e Fomelos de Montes.

ENTRAR POR CORREO | VERSIÓN PARA IMPRIMIR | SUBIR ↑

Proxecto Compás | San Xosé 2, esquina Marqués Pallas | Tel: 986 442 115
Área Local | info@proyectocompas.com

diagonal e escaneando os textos. O ollo do lector só actuará a estímulos visuais. Polo tanto:

- Cómpre acurtar os textos até deixar tan só a esencia.
- A linguaxe ha ser clara, concisa e intuitiva.
- Hai que cortar os textos en parágrafos a fin de que cada un exprese unha idea.
- Deben empregarse listaxes sempre que se puiden.
- Dentro dos parágrafos teñen que se destacar conceptos mediante negras.

Linguaxe de ligazóns: na rede movémonos mediante ligazóns. Se estas non están redactadas correctamente perdemos a estrutura do sitio web, da información que queremos presentar. Antes de accedermos a un sitio web facemos unha reflexión acerca do tipo de persoa usuaria que vai visitalo, aquela que **queremos** que visite ese web. Se se trata dunha intranet ou un sitio restrinxido para visitas de especialistas podemos permitirnós o luxo de ser moi específicos na linguaxe, que case pode ser o argot propio do colectivo.

Pero os sitios web con intención de chegar a un público amplo non especialista, como son moitos dos sitios da Administración, teñen que facer un esforzo suplementario para escoller con sumo coidado uns titulares das ligazóns que sexan:



- unívocos,
- explicativos,
- contextualizados,
- predecíbeis.

É inútil pretendemos que unha persoa usuaria se teña que adaptar á nosa linguaxe ou á linguaxe burocrática. Sería como desexarmos que en lugar de sinais de tráfico houbera postes cos artigos do Código de Circulación para que, diante de cada un, os condutores se detivesen a lellos. Simplificamos a cuestión para que esta sexa significativa para todos, non só para os avogados.

Cando empregamos unha xerga profesional non somos conscientes de que fóra de contexto os seus termos son confusos, planos ou carentes de sentido. Se a persoa usuaria entrar nunha interface na que os termos son confusos, non vai perder o seu tempo tentando desentrañar o que queren dicir: en dez segundos pérdense as visitas, consonte os estudos máis fiábeis.³

Conclusiones prácticas:

- Un texto escrito para o papel non serve para Internet.
- A linguaxe ha de ser significativa para a persoa usuaria, non para o que a escribe. Pensemos máis nunha linguaxe xornalística, non burocrática.
- Hai certas convencións terminolóxicas en Internet. Isto axuda a predicir os contidos dunha ligazón sen perdas de tempo.

O público obxectivo dun sitio web

Antes de decidirmos os contidos debería quedar claro quen vai empregar ese web e as tendencias actuais nos webs administrativos. Internet supón unha oportunidade nova para a relación entre a Administración e os administrados. Moitos dos principios de transparencia, profesionalidade, atención ao público e universalidade dos servizos administrativos poden ser efectuados a través da rede, dun xeito que antes era inimaxinábel.⁴

³ Por exemplo, entre as ligazóns incluídas está a do estudo realizado por Kodak para reformar o seu sitio web. Un problema grave de entendimento era a sección Advanced Photo Sestem. Nela os empregados de Kodak inserían información sobre unha característica técnica de revelado moi específica que se chamaba así na terminoloxía comercial de Kodak, mentres que para os visitantes do web significaba que alí poderían ver fotografías moi avanzadas.

⁴ <http://dewee.uab.es/pmarques/buenidea.htm>
http://www.imagina.org/archivos/acc_adm.htm
http://europa.eu.int/comm/commissioners/diamantopoulou/contact_es.html
<http://www.content-village.org/articles.asp?id=169>
<http://www.content-village.org/articles.asp?id=170>
http://www.crossingboundaries.ca/site/reports/ktapublication_vol8e.pdf
<http://www.cituni.gov.uk/guidelines.pdf>

Desde a Unión Europea en particular ponse énfase en que os sitios web institucionais sexan de utilidade para a cidadanía e que vaian orientados a prestar servizos de valor engadido tendo en conta os principios de accesibilidade universal. Os puntos sobre os que insiste a Unión Europea na súa relación de boas prácticas sobre contido nos sitios web institucionais son:

- aproximarse desde a perspectiva da cidadanía.
- Un sitio web organizado en torno ás necesidades da Administración non é útil para as persoas. A cidadanía non pensa en termos de departamentos nos que se divide a Administración, senón nos servizos integrados que esta lles ofrece, sen importar se dependen de un ou varios departamentos.
- A brecha dixital que vén marcada polo descoñecemento do uso do ordenador ou o non acceso a Internet debe constituír un estímulo para o desenvolvemento de webs fáciles de usar e de acceder. Se isto non acontece, a Administración contribúe á división dixital da sociedade.

Planificación do sitio web do Proxecto Compás

No documento inicial que estableecía as características do sitio web sinalábase o tipo de público ao que iría dirixido:

- **persoas usuarias ou futuras usuarias dos servizos de Compás**, como persoas demandantes de inserción laboral,
- **empresarias e empresarios** á procura de xente para empregar ou de programas de formación para futuros empregados,
- **persoal do proxecto, persoal dos organismos e entidades colaboradoras**,
- **os medios de comunicación** que utilizarán o web coma fonte de documentación e noticias.

Por iso xa foron establecidos desde o principio tres perfís na web para poder atender as diversas demandas dos diferentes públicos. Cada perfil vai indicado con cores diferentes e o recadro da elección de perfil é maior naquel en que nos achemos.

Ademais, para o volume e consideración da información tiñamos, a grandes rasgos, dúas opcións:

- facer un web presencial concebido como un escaparate **estático** desde o cal o proxecto se dirixía exclusivamente á opinión pública sen capacidade de interacción nin servizos, e
- facer un web **dinámico** e de servizos, entendido coma unha translación dixital do proxecto a Internet no que as persoas usuarias do proxecto, o empresariado da comunidade de Vigo e a sociedade da bisbarra puidesen ter contacto vivo co proxecto grazas á tecnoloxía.

Decidímonos pola segunda opción, máis ambiciosa pero tamén máis acorde cunha utilización transversal das novas tecnoloxías.

Alén diso tivemos en conta, durante o desenvolvemento do sitio web e a súa implementación, os criterios de accesibilidade a sitios web propostos pola Unión Europea, que asumiu a Iniciativa de Accesibilidade da Web (WAI).

Esta iniciativa é un dos cinco ámbitos nos que traballa o World Wide Web Consortium (coñecido tamén polas siglas W3C), composto por máis de quiñentas organizacións asociadas de máis de trinta países.

A Iniciativa de Accesibilidade á WEB (WAI) desenvolveu un conxunto de pautas e orientacións coa colaboración dos sectores industriais implicados, o mundo da investigación, os gobernos e as organizacións de persoas con discapacidade.

As *pautas de accesibilidade ao contido na Web*⁵ da WAI son de feito unha norma mundialmente recoñecida para a creación de sitios web. A Comisión Europea, na súa recente comunicación *eEurope 2002: Accesibilidad de los sitios Web públicos e de su contenido*⁶ – COM(2001) 529 final–, recoñece o importante papel que desempeñan estas pautas, como mecanismo ao que os fornecedores se poden adherir de xeito voluntario, no avance cara a unha Web verdadeiramente accesíbel.

En consonancia con esta intención da Unión Europea, o 2003 foi declarado Ano Europeo das Persoas con Discapacidade.

Por medio desta decisión, que deseñou accións tanto a escala comunitaria como nacional, o Consello buscaba sensibilizar a opinión pública acerca dos dereitos das persoas discapacitadas e a súa contribución positiva á sociedade, os problemas que atopan por causa da súa discapacidade e as múltiples formas de discriminación que enfrontan. Por outra parte, desexa fomentar a reflexión sobre as medidas precisas para facer fronte aos seus problemas, favorecer o intercambio de boas prácticas e reforzar a cooperación entre todos os protagonistas afectados por esta cuestión.

Grazas a esta implicación na accesibilidade do sitio web do Proxecto Compás atinximos o nivel de accesibilidade AA, como indica o banner da WAI visíbel na páxina do inicio do Proxecto Compás:



Outra das nosas preocupacións dende o inicio foi garantirmos a usabilidade⁷ do sitio web, é dicir, que este fose:

⁵ <http://www.w3.org/WAI/about.html>

⁶ <http://www.discapnet.es/documentos/tecnica/0436.html>

⁷ Unha boa fonte para estar ao día dos criterios de usabilidade empregados pola Administración dos EEUU : <http://www.usabilite.gov>


- ▶ **fácil de aprender:** vese facilmente como está organizado;
- ▶ **de uso eficiente:** cada páxina está ben relacionada co resto do sitio web;
- ▶ **doado de lembrar:** a súa estrutura é facilmente recordábel;
- ▶ **que incite pouco ao erro:** sen ligazóns confusas que poidan enganar as persoas que o visiten;
- ▶ **agradábel de usar:** que non cause rexeitamento ou mesmo que transmita unha sensación agradábel.

Para iso aplicamos as medidas máis comúns canto a usabilidade:

- utilización das cores para distinguir perfís e zonas;



- migallas para deixar rastro de percorridos;
- linguaxe que fuxise da xerga administrativa sempre que fose posíbel;
- continuidade na estrutura e redacción dos contidos;
- versións para imprimir en todos os textos e enviar por correo;
- acceso enriba e embaixo para subir e baixar o texto.



Linguaxe non sexista

Compás é un proxecto da iniciativa Equal e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un dos principios transversais desa iniciativa. Mediante os materiais de elaboración propia, como a guía *A linguaxe fainos iguais* e de publicacións alleas, como *Usos sexistas en el lenguaje administrativo*⁸, alén da reflexión conxunta co departamento de igualdade de oportunidades, chegouse á elaboración dun libro de estilo para eliminar os termos sexistas dos sitios web do proxecto, así como da intranet.

Ferramenta de avaliación de sitios web

Unha vez os sitios web do proxecto estaban elaborados xurdiunos a necesidade de podermos avaliar se os contidos cumprían uns determinados requisitos que os fixesen adecuados para o noso público.

Nun primeiro momento tentamos localizar unha ferramenta que nos permitise avaliar os contidos dos nosos propios sitios web e acudimos ao documento *“Evaluación de contenidos de sitios web. Adaptación del Test de Alexander & Tate⁹ por José Luis Orihuela”¹⁰*. Pareceunos que era unha ferramenta flexíbel e un dos intentos máis completos por establecer uns criterios de avaliación dos contidos. Ademais, tomamos algunhas das consideracións para contidos que se realizan en Research-Based Web Design & Usability Guidelines¹¹ de Usability.gov.

⁸ González Álvarez, C. E Zaragoza Canales, F. 1999 Editorial Cedma.

⁹ Alexander, Janet E. e Tate, Marsha Ann, *Web Wisdom: how to evaluate and create information quality on the Web*, Lawrence Erlbaum Associates, Mahwah, 1999.

¹⁰ Guía para el Diseño e Evaluación de Proectos de Comunicación Digital
<http://www.unav.es/digilab/guia/31contenidos.htm>

¹¹ <http://usability.gov/pdfs/guidelines.html>

A avaliación de contidos abrangue aspectos moi diferentes e difíciles de marcar obxectivamente como boas ou más prácticas, de maneira que o test necesita dunha persoa avaliadora que pondere a maior ou menor importancia de certas cuestións en cada sitio web. Así e todo, é imprescindible ter unha listaxe de temas que deben ser comprobados, de contidos que cómpre preparar ou de conceptos que hai que ter en conta á hora de planificar os contidos dun sitio web.

A seguir pareceunos conveniente realizarmos unha segunda adaptación da ferramenta, agregando ou eliminando preguntas que fixesen o test máis adecuado aos sitios de carácter individual ou público. Deste xeito podíamos fornecer un instrumento transferíbel a outras administracións que resultase de utilidade. Incluimos tamén algúns conceptos sobre linguaxe non sexista que non foran contemplados na ferramenta orixinal.

AVALIACIÓN DE CONTIDOS DE SITIOS WEB

Test de Alexander & Tate Reformado por José Luis Orihuela e adaptado a sitios públicos
polo Proxecto Compás
versión: xullo de 2004

(Chave: BEN/REGULAR/MAL/NON APLICÁBEL)

AUTORIDADE (AUT): Grao no que o material é a creación da organización que posúe unha recoñecida competencia sobre unha área de coñecimiento determinada

PREGUNTAS REFERIDAS Á PÁXINA PRINCIPAL

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
AUT 1.1	¿Indícase con claridade que organización é responsábel dos contidos do sitio?					
AUT 1.2	Se o sitio é un sub-sitio dunha organización maior, ¿indícase o logo ou nome de dita organización?					
AUT 1.3	¿Indícase o xeito de contactar coa organización responsábel do sitio?					
AUT 1.4	¿Indícase a autoridade da organización identificada como responsábel do sitio?					
AUT 1.5	¿Indícase que os contidos do sitio son de uso público con mención do sitio de publicación?					
AUT 1.6	¿Menciónanse recomendacións ou <i>ratings</i> de organizacións externas?					
AUT 1.7	¿Indícase se a organización ten presenza fóra da Web?					
AUT 1.8	¿Indícase se o sitio é apoiado por unha organización local, nacional ou internacional?					
AUT 1.9	¿Indícase a existencia e maneira de obtención de materiais impresos producidos pola organización?					
AUT	¿Subminístrase unha					

1.10	descrición completa da natureza da organización?				
AUT 1.11	¿Indícase desde cando existe a organización?				
AUT 1.12	¿Existe unha lista dos departamentos máis significativos con indicación das súas competencias?				
AUT 1.13	¿Subminístrase información orzamentaria da organización?				
AUT 1.14	Para a información orzamentaria ¿indícase supervisión e lígase cos organismos de control respectivos?				

AUTORIDADE

PREGUNTAS REFERIDAS A PÁXINAS DISTINTAS DA PRINCIPAL

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
AUT 2.1	¿Está claro que organización é responsábel do contido da páxina?					
AUT 2.2	¿Indícase con claridade o nome do autor (departamento/centro) da páxina?					
AUT 2.3	¿Indícase a autoridade de quen subministra a información (departamento/centro)?					
AUT 2.4	¿Indícase o xeito de contactar co autor (departamento/centro)?					
AUT 2.5	¿Existe un modo de verificar a autoridade de quen subministra a información (departamento/centro)?					
AUT 2.6	¿Indícase a obriga de citar a fonte dos materiais incluídos na páxina?					

AUT 2.7	¿Foi aprobada oficialmente a páxina por quen ten a responsabilidade sobre o sitio?				
AUT 2.8	¿Indícase con claridade se o material dunha páxina foi tomado dunha fonte de información externa?				

EXACTITUDE (EXA): Grao no que a información é fiábel e libre de erros

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
EXA 1.1	¿Está libre a información de erros gramaticais, ortográficos e tipográficos?					
EXA 1.2	¿Indícanse as fontes da información fáctica para poderen ser comprobados os datos co orixinal?					
EXA 1.3	¿Están os textos redactados sen o uso de xerga administrativa de maneira que sexan inteligíbeis para a cidadanía?					
EXA 1.4	Se se inclúen gráficas, cadros o táboas, ¿están claramente tituladas e son fáciles de ler?					
EXA 1.5	¿Hai indicación de que a información foi revisada por un editor para comprobar a súa exactitude?					
EXA 1.6	¿Hai algunha ligazón a fontes externas que poida utilizarse para verificar reclamacións?					
EXA 1.7.						

OBXECTIVIDADE (OBX): Grao no que o material expresa feitos ou información sen distorsión debida a sentimentos persoais ou prexuízos

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
OBX 1.1	¿É evidente o punto de vista da organización responsábel da información?					
OBX 1.2	¿É evidente o punto de vista					

	do autor (departamento/centro)?				
OBX 1.3	¿Está clara a relación existente entre o autor e a organización responsábel do sitio?				
OBX 1.4	¿Está a páxina libre de publicidade? ¹²				
OBX 1.5	¿Está clara a relación existente entre a organización responsábel do sitio e os anunciantes representados na páxina?				
OBX 1.6	¿Existe unha clara diferenciación entre información e publicidade na páxina?				
OBX 1.8	Se hai contidos informativos referidos a servizos alleos ¿está claro por qué se inclúen na páxina?				
OBX 1.9	¿Inclúese unha descrición dos obxectivos da organización ao subministrar a información (<i>mission statement</i>)?				
OBX 1.10	¿Está claro que é o que se promociona?				
OBX 1.11	¿Están claramente establecidos os puntos de vista da organización sobre aquilo que promociona?				
OBX 1.12	¿Existe unha clara identificación do material editorial e de opinión?				
OBX 1.13	¿Existe una distinción clara entre expresións de opinión sobre un asunto e contidos informativos que se pretenden obxectivos?				
OBX 1.14	¿Existe una clara distinción entre contidos informativos e				

¹² Aínda que poidan parecer extemporáneas as mencións em sitios web da Administración, nalgúns sitios hai espazo para empresas privadas (por exemplo, www.chaval.es)

	de entretemento na páxina?				
OBX 1.15	¿Existe unha clara distinción entre contidos publicitarios e de entretemento na páxina?				
OBX 1.16	¿Indícanse con claridade os nomes dos patrocinadores comerciais e <i>non-profit</i> ?				
OBX 1.17	¿Inclúense ligazóns aos sitios dos patrocinadores?				
OBX 1.18	¿Subminístrase información adicional acerca da natureza dos patrocinadores?				

ACTUALIZACION (ACT): Grao no que o material pode ser identificado como actual

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
ACT 1.1	¿Indícase na páxina a data de creación do material?					
ACT 1.2	¿Indícase na páxina a data de publicación no servidor do material?					
ACT 1.3	Se o material foi revisado, ¿inclúese na páxina a data da última revisión?					
ACT 1.4	Para evitar confusións, ¿indícanse todas as datas en formatos internacionalmente coñecidos (día mes ano)?					
ACT 1.5	Se a páxina inclúe información de actualidade, ¿indícase a frecuencia de actualización?					
ACT 1.6	Se a páxina inclúe datos estatísticos, ¿indícase con claridade a data de recollida de datos, ou inclúese unha ligazón aos datos orixinais?					
ACT 1.7	Se a mesma información tamén foi impresa, ¿indícase claramente de que edición se tomou a información?					

ACT 1.8	Se o material foi orixinalmente emitido na radiotelevisión, ¿indícase claramente a data e a hora da emisión orixinal?				
---------	---	--	--	--	--

COBERTURA E AUDIENCIA OBXECTIVO (COB/AUD): A amplitude de temas cubertos polo traballo e a profundidade coa que son tratados/O grupo de xente para quen foi creado o material

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
COB/AU D 1.1	¿Está claro que materiais se inclúen no sitio?					
COB/AU D 1.2	Se a páxina está aínda en construción, ¿indícase a data estimada de finalización?					
COB/AU D 1.3	¿Existe un equivalente impreso da páxina ou o sitio?; se así fose, ¿indícase claramente se se trata dunha versión completa ou que partes do documento orixinal se omitiron?					
COB/AU D 1.4	¿Existe un equivalente impreso da páxina ou o sitio?; se así fose, ¿indícase claramente se a versión web inclúe información adicional non contiida na versión impresa?					
COB/AU D 1.5	Se o material provén dun traballo que non está suxeito a <i>copyright</i> , ¿indícase claramente se o material foi actualizado?					
COB/AU D 1.6	Se a páxina inclúe material de varias fontes, ¿indícase claramente de que fonte provén cada fragmento?					

COB/AU D 1.7	¿Inclúese unha descrición adecuada de cada un dos produtos e servizos que se ofrecen?				
COB/AU D 1.8	Se a páxina é complemento dun equivalente impreso ou radiotelevísado, ¿indícase claramente cando pode accederse ao orixinal?				
COB/AU D 2.1	¿Está clara cal é a audiencia obxectivo?				
COB/AU D 2.2	Se o material se orienta a diversas audiencias ¿está clara cal é a audiencia para cada tipo de material?				

INTERACCION E TRANSACCIÓN (INT/TRA): Sistemas para que a persoa usuaria interactúe coa organización responsábel do sitio. Ferramentas que facultan a persoa usuaria para realizar transaccións económicas a través do sitio.

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
INT/TRA 1.1	Se na páxina se realizan transaccións económicas, ¿indícase que medidas se tomaron para garantir a súa seguranza?					
INT/TRA 1.2	Se a organización require información das persoas usuarias, ¿indícase claramente de que modo será utilizada a información?					
INT/TRA 1.3	Se o sitio utiliza galletas (cookies), ¿notifícase á persoa usuaria? ¿indícase para que se usan e canto tempo duran?					

INT/TRA 1.4	Para sitios con opción para membros, ¿indícase o modo de se tornar membro da organización e a legislación aplicábel?				
INT/TRA 1.5	¿Existe algún mecanismo de <i>feedback</i> para as persoas usuarias formularen comentarios acerca do sitio?				
INT/TRA 1.6	¿Existe algún mecanismo para as persoas usuarias solicitaren información adicional sobre a organización? En tal caso, ¿existe unha indicación de cando han recibir unha resposta?				
INT/TRA 1.7	¿Indícanse claramente enderezos para formular pedidos de artigos promocionados no sitio?				
INT/TRA 1.8	¿Indícase claramente cando se esixe unha tarifa para acceder a zonas do sitio?				
INT/TRA 1.9	¿Estabelécense claramente as restricións que afecten ao uso ou descarga de materiais ofrecidos no sitio?				

RECURSOS DE NAVEGACIÓN (NAV): Elementos que axudan a persoa usuaria a localizar información no sitio e a se mover facilmente entre as páxinas.

NAV 1: O título para o navegador (*browser title*) <Title>

PREGUNTAS REFERIDAS Á PÁXINA PRINCIPAL

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
NAV 1.1	¿Indica o título para o navegador que organización é responsábel dos contidos do sitio?					
NAV 1.2	¿Indica o título para o navegador que se trata da páxina principal?					

NAV 1.3	¿É breve o título para o navegador?				
NAV 1.4	¿É único para todo o sitio o título para o navegador?				

PREGUNTAS REFERIDAS A PÁXINAS DISTINTAS DA PRINCIPAL

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
NAV 1.5	¿Indica o título para o navegador a que sitio pertence a páxina?					
NAV 1.6	¿Describe claramente o título para o navegador os contidos da páxina?					
NAV 1.7	¿É breve o título para o navegador?					
NAV 1.8	¿É único para todo o sitio o título para o navegador?					
NAV 1.9	¿Reflicte o título para o navegador a localización da páxina dentro da xerarquía do sitio?					

NAV 2: O título da páxina

PREGUNTAS REFERIDAS Á PÁXINA PRINCIPAL

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
NAV 2.1	¿Describe o título da páxina a que sitio corresponde a páxina (p.ex., mediante un logo)?					
NAV 2.2	¿Indica o título da páxina que se trata da páxina principal do sitio?					
NAV 2.3	¿É breve o título da páxina?					
NAV 2.4	¿É o título da páxina único para todo o sitio?					

PREGUNTAS REFERIDAS A PÁXINAS DISTINTAS DA PRINCIPAL

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
--------	----------	---	---	---	----	--------------

NAV 2.5	¿Describe claramente o título da páxina o contido da mesma?					
NAV 2.6	¿É breve o título da páxina?					
NAV 2.7	¿É o título da páxina único para todo o sitio?					
NAV 2.8	¿Indica o título da páxina que organización é responsábel polos contidos do sitio?					

NAV 3: Ligazóns de hipertexto

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
NAV 3.1	¿Inclúe a páxina unha ligazón á páxina principal?					
NAV 3.2	¿Inclúe a páxina unha ligazón ao mapa do sitio, índice ou táboa de contidos?					
NAV 3.3	Para sitios organizados en xerarquías, ¿inclúe a páxina unha ligazón á páxina de nivel superior na xerarquía?					
NAV 3.4	¿Están dispostas de forma consistente as ligazóns internas en cada páxina?					
NAV 3.5	No caso de ligazóns que remitan a documentos en servidores externos, ¿indícase á persoa usuaria que está abandonando o sitio?					
NAV 3.6	¿Redactáronse as ligazóns e organizouse a súa estrutura desde o punto de vista da persoa usuaria?					
NAV 3.7	¿Está a información importante na parte alta da xerarquía?					

NAV 4: O URL da páxina

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
NAV 4.1	¿Aparece o URL no corpo da páxina?					

NAV 5: O mapa do sitio ou índice

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
NAV 5.1	¿Existe un mapa do sitio ou índice na páxina principal ou nunha páxina directamente ligada desde a páxina principal?					
NAV 5.2	¿Inclúe o mapa do sitio ou índice como mínimo as principais zonas do sitio?					
NAV 5.3	¿É o mapa do sitio ou índice fácil de ler?					
NAV 5.4	¿Está o mapa do sitio ou índice organizado dunha maneira lóxica?					
NAV 5.5	¿Conteñen os ítems do mapa do sitio ou índice ligazóns de hipertexto aos materiais referidos?					

NAV 6: O buscador interno

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
NAV 6.1	Se o sitio contén gran cantidade de información, ¿inclúe un motor de busca interno para facilitar ás persoas usuarias a localización fácil e rápida da información?					
NAV 6.2	¿Obtéñense co motor de busca resultados completos e apropiados?					

CONTIDOS NON TEXTUAIS (NTX): Elementos da páxina que requiren da persoa usuaria software adicional ou navegadores específicos (mapas navegábeis, son, vídeo, gráficos)

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
NTX 1.1	Se a páxina inclúe un gráfico como un logo ou un mapa navegábel, ¿existe un texto					

	alternativo para quen visualiza a páxina en modo só-texto?				
NTX 1.2	Se a páxina inclúe elementos non textuais (como arquivos de audio ou de vídeo) que requiran software adicional, ¿existe unha indicación acerca da necesidade de software adicional e onde pode obterse?				
NTX 1.3	Se un arquivo require software adicional para ser accedido, sempre que sexa posíbel, ¿subministrase a mesma información noutro formato que non requira software adicional?				
NTX 1.4	Se unha páxina require un navegador específico ou unha versión específica do navegador, ¿especificase o que se necesita e onde pode ser obtido?				
NTX 1.5	Cando activar un ligazón conduce á descarga dun grande arquivo gráfico, de son ou de vídeo, ¿subminístrase información á persoa usuaria avisándolle de que isto vai acontecer?				

FUNCIONALIDADE (FUN): Operatividade do sitio referida ao funcionamento das ligazóns internas e externas, facilidade para imprimir páxinas e visibilidade para os *spiders* mediante *meta tags*

FUN 1: Impresión

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
FUN 1.1	¿Comprobase que as páxinas poden imprimirse de forma lexíbel?					
FUN 1.2	¿Comprobase que os marcos poden imprimirse correctamente?					
FUN 1.3	Se un documento foi dividido					

	en varios arquivos diferentes, ¿contemplouse a posibilidade de que poida imprimirse todo o documento desde un único arquivo?					
--	--	--	--	--	--	--

FUN 2: Ligazóns externas

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
FUN 2.1	¿Comprobase a funcionalidade das ligazóns externas?					
FUN 2.2	¿Compróbase regularmente a funcionalidade das ligazóns externas?					
FUN 2.3	¿Compróbase regularmente o contido das ligazóns externas para verificar se son apropiadas para o sitio e se están actualizadas?					

FUN 3: Usabilidade do sitio

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
FUN 3.1	¿Probouse o sitio con persoas usuarias tipo?					
FUN 3.2	¿Estruturouse o contido de cada páxina para facilitar o ollar de la persoa usuaria? (Títulos claros e ben colocados, frases curtas e parágrafos breves, negras para destacar conceptos)					
FUN 3.3	¿Empregáronse acrónimos ou abreviaturas non moi coñecidas na redacción?					
FUN 3.4	¿Utilizouse unha linguaxe popular con palabras coñecidas pola maioría das persoas?					
FUN 3.5	¿Utilizáronse tipos mesturados na redacción dos contidos? (É dicir, non todo maiúsculas)					
FUN 3.6	¿Utilizouse na redacción a xerga profesional?					

FUN 3.7	Ao redactar un texto, ¿tentouse que estea en voz activa se é posíbel?				
FUN 3.8	¿Probouse o sitio con distintos navegadores?				
FUN 3.9	¿Estabeleceuse algún mecanismo para consultar regularmente as persoas usuarias sobre o deseño e contido do sitio?				
FUN 3.10	¿Estabeleceuse un procedemento regular para comprobar a funcionalidade do sitio comprobando ligazóns internas e externas, formularios, imaxes, animacións e motor de busca interno?				
FUN 3.11	¿Retírase do sitio regularmente o material antigo ou non actualizado?				
FUN 3.12	¿Indícase dalgún xeito a inclusión de material novo no sitio?				
FUN 3.13	¿Facilítase o acceso ás páxinas cuxa dirección fose mudada?				
FUN 3.14	Cando se realizan revisións de fondo a unha páxina, ¿indícase que materiais foron revisados?				
FUN 3.15	No caso de documentos de texto que fosen convertidos a HTML e publicados no sitio, ¿comprobase a calidade da súa conversión?				
FUN 3.16	¿Subminístrase o enderezo de correo electrónico do <i>webmaster</i> ou <i>webmistress</i> para o/a informar acerca de fallos técnicos?				

FUN 4: Meta tags

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
--------	----------	---	---	---	----	--------------

FUN 4.1	¿Comprobouse a descrición que se formula de cada páxina de cara á súa aparición nos resultados dos buscadores (<i>descriptor meta tags</i>)?					
FUN 4.2	¿Comprobouse a descrición que se formula de cada páxina para verificar como será indexada nos buscadores (<i>keyword meta tags</i>)?					

FUN 5: Accesibilidade

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
FUN 5.1	¿Comprobouse se todo o sitio cumpre os requisitos de accesibilidade para persoas con minusvalías físicas ou sensoriais?					
FUN 5.2	¿Realizouse unha versión alternativa para persoas con minusvalías ou navegadores só-texto?					
FUN 5.3	¿Realizouse o sitio nos idiomas oficiais da comunidade á cal se dirixe?					

POL: Políticas públicas: fai referencia á promoción dos principios de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a non discriminación de grupos étnicos ou relixiosos.

CÓDIGO	PREGUNTA	B	R	M	NA	OBSERVACIÓNS
POL 1.1	¿Comprobouse que ningunha das imaxes utilizadas reproducen iconas discriminatorios de calquera colectivo social, étnico ou relixioso?					

POL 1.2	¿Comprobouse que ningunha das imaxes utilizadas reproducen iconas discriminatorias das mulleres?				
POL1.3	¿Comprobouse que a linguaxe utilizada non ten elementos sexistas?				
POL1.4	¿Comprobouse que a linguaxe non contén elementos discriminatorios de calquera colectivo social, étnico ou relixioso?				